

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**7385** *Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea.*

A adhesión de España ás Comunidades Europeas en 1986 produciu un cambio fundamental no ordenamento xurídico español, xa que as normas do dereito comunitario pasan a integrarse no noso sistema de fontes do dereito. Desde ese momento, España, como Estado membro, queda obrigada a aplicar o dereito da Unión Europea, de acordo cos principios de primacía e efecto directo do dereito europeo e o de colaboración leal, entre outros.

Como Estado territorialmente descentralizado, estes principios vinculan o conxunto das administracións públicas. Non obstante, é o Reino de España, tal e como establecen os tratados europeos, o responsable ante esas institucións polo incumprimento do dereito da Unión Europea.

En todo caso, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias, cada Administración é responsable de cumprir internamente coas obrigas europeas, tal e como reiterou amplamente a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, o que comporta que a Administración xeral do Estado poida repercutir á Administración que corresponda a responsabilidade derivada do incumprimento do dereito da Unión Europea.

En efecto, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ditada en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución española, desenvolveu o principio de responsabilidade tanto no seu artigo 8 como na súa disposición adicional segunda, que especificamente se refire á responsabilidade por incumprimento de normas de dereito da Unión Europea.

Neste sentido, o citado artigo 8, á imaxe do previsto no Tratado de funcionamento da Unión Europea, establece que as administracións públicas que provoquen ou contribúan a producir o incumprimento dos compromisos asumidos por España de acordo coa normativa europea asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que deriven. Así mesmo, a disposición adicional segunda dispón que cando as administracións públicas e calquera outra entidade integrante do sector público incumprisen as obrigas derivadas de normas do dereito da Unión Europea, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que deriven. Deste xeito, o citado principio permite repercutir á Administración incumpridora as responsabilidades derivadas de calquera acción ou omisión contraria ao ordenamento europeo que realizase no exercicio das súas competencias.

En exercicio da habilitación contida no número tres da mencionada disposición adicional segunda, dítase este real decreto que desenvolve un procedemento xeral de determinación e repercusión das responsabilidades derivadas dos incumprimentos do dereito da Unión Europea. A existencia do citado procedemento xeral supón unha gran novidade no ordenamento xurídico español, xa que ata a data só existían regulacións dispersas e de carácter sectorial en determinadas materias como son a xestión de fondos procedentes da Unión Europea, os compromisos adquiridos en materia de estabilidade orzamentaria, en materia de augas ou os servizos do mercado interior.

A este respecto, é importante sinalar que o procedemento aquí regulado non ten natureza sancionadora, senón que se limita a derivar responsabilidades e para iso establécense os criterios e o procedemento que se seguirá para determinar e repercutir as mencionadas responsabilidades. Para a súa redacción tiveronse en conta as recomendacións efectuadas polo Consello de Estado no seu informe do 15 de decembro de 2010 sobre os mecanismos existentes no ordenamento español para garantir o

cumprimento do dereito da Unión Europea e, de ser o caso, repercutir a responsabilidade aos suxeitos incumpridores.

O real decreto estrutúrase en catro capítulos e consta de dezoito artigos, sete disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

O capítulo I determina o obxecto, o ámbito de aplicación subxectivo e obxectivo do real decreto, os criterios para a determinación das responsabilidades derivadas do incumprimento e o procedemento que se seguirá no caso de que se produza unha responsabilidade concorrente dalgún dos suxeitos de aplicación. Cabe destacar que se considerou un ámbito de aplicación obxectivo amplo. Non obstante, este procedemento non será de aplicación no caso da liberación automática de compromisos e dos procedementos de suspensión dos pagamentos regulados na normativa da Unión Europea, aínda que si o será no das correccións financeiras que deriven deles.

O capítulo II regula os órganos competentes para iniciar, instruír e resolver o procedemento, a súa forma de inicio, que será sempre de oficio, o contido mínimo que debe ter o acordo de iniciación e as posibles medidas provisionais que se adoptarán. A este respecto, cabe sinalar que o artigo 9, ao definir o contido mínimo que debe conter o acordo de iniciación, regula os conceptos que conformarán o importe total da débeda e no cal se encontran comprendidos tanto os posibles xuros de demora que se xeren coma o xuro compensatorio dos custos financeiros, sendo ambos os dous conceptos acumulativos entre si.

O capítulo III desenvolve as actuacións e alegacións que poden realizar os interesados no procedemento, os informes preceptivos que deben xuntar ao expediente e a existencia do trámite de audiencia.

Finalmente, o capítulo IV regula as formas de terminación do procedemento, que poderán ser ben mediante acordo do Consello de Ministros ou ben a través do pagamento voluntario anticipado da débeda. Así mesmo, dispónse o prazo xeral de dous meses para efectuar o pagamento total da débeda e desenvólvense os posibles mecanismos de exacción aos cales pode recorrer o Estado en caso de que non se leve a cabo un pagamento voluntario da débeda. Por último, establécese en catro anos o prazo de prescrición da débeda.

Entre as disposicións adicionais destaca a regulación do procedemento que se seguirá cando a responsabilidade por incumprimento sexa atribuíble ás entidades do sector público estatal, así como o establecemento de especialidades para a determinación da responsabilidade no ámbito do Fondo Social Europeo e dos fondos europeos agrícolas.

Polo que se refire á disposición transitoria única, o real decreto establece que, sen prexuízo do disposto en materia de fondos, este procedemento será de aplicación para a determinación e repercusión das responsabilidades derivadas dos pronunciamentos das institucións europeas anteriores á súa entrada en vigor, con independencia de se o Estado aboou xa a sanción imposta pola Unión Europea.

A disposición derogatoria única deroga expresamente os artigos 12, 13 e 14, así como a disposición adicional segunda do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía e o número 8.2 da Estratexia española de emprego 2012-2014, aprobada polo Real decreto 1542/2011, do 31 de outubro, no referente ás correccións financeiras derivadas da xestión polas comunidades autónomas de accións e medidas de políticas activas.

Por último, entre as disposicións derradeiras, establécese o carácter supletorio da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e habilítase o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento do presente real decreto.

Para a tramitación deste real decreto consultáronse as entidades locais, a través da Comisión Nacional de Administración Local, e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o previsto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Para estes efectos regúlanse o procedemento e os criterios para a determinación e a repercusión das responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, e determínase o seu ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación, así como os mecanismos para facer efectiva a repercusión.

#### Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Este real decreto resulta de aplicación a todos os suxeitos previstos no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. As administracións ou entidades a que fai referencia o artigo 2 que, no exercicio das súas competencias ou funcións, incumprisen por acción ou omisión o dereito da Unión Europea, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado con carácter executivo polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que deriven de tal incumprimento.

Cando sexa unha entidade, ás cales fai referencia o artigo 2, a que por acción ou omisión dea lugar, directa ou indirectamente, a que o Reino de España sexa sancionado, nos termos previstos no punto anterior, a Administración pública da cal a entidade dependa ou a que estea vinculada asumirá subsidiariamente a responsabilidade que derive de tal incumprimento.

2. Para os efectos do establecido no número anterior, terá a consideración de sanción para o Reino de España a imposición, mediante sentenza, acto ou decisión executiva das institucións europeas, dunha multa a prezo global ou dunha multa coercitiva, de conformidade co disposto no artigo 260 do Tratado sobre o funcionamento da Unión Europea; as correccións financeiras adoptadas mediante decisión da Comisión Europea; a minoración das contías das transferencias ou fondos que a España lle poidan corresponder do orzamento da Unión Europea ou calquera outro acto adoptado por unha institución, órgano ou organismo da Unión Europea que implique responsabilidades financeiras para o Estado ou a mingua de calquera cantidade que lle tería sido recoñecida.

3. Entenderase que existe un incumprimento cando se realicen actuacións ou omisións contrarias ao dereito da Unión Europea e, en particular, entre outros, nos seguintes supostos:

- a) Transposición tardía de directivas europeas ao ordenamento xurídico.
- b) Transposición incorrecta de directivas europeas ao ordenamento xurídico.
- c) Adecuación tardía ou incorrecta da normativa autonómica á lexislación básica estatal ditada en cumprimento do dereito da Unión Europea.
- d) Mantemento en vigor ou aprobación de normas contrarias ao dereito da Unión Europea.

e) Falta de execución ou execución incorrecta de sentenzas, actos ou decisións ditados polas institucións europeas.

**Artigo 4. *Determinación da responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea.***

1. Repercutiranse as responsabilidades derivadas de sancións executivas por incumprimento do dereito da Unión Europea naquelas administracións públicas ou entidades previstas no artigo 2 que sexan competentes de conformidade co ordenamento xurídico español e que realicen unha acción ou omisión que dea lugar a un incumprimento nos termos establecidos no artigo 3. Para o caso dos fondos europeos agrícolas, o criterio de competencia determinarase de conformidade co previsto na disposición adicional quinta.

2. Sen prexuízo de que se poidan ter en conta outros feitos e fundamentos xurídicos, serán vinculantes para o Consello de Ministros os contidos nas sentenzas, actos ou decisións executivas que as institucións europeas ditasen para o efecto, con respecto ao acordo que poña fin ao procedemento para a determinación, imputación e repercusión das responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea.

**Artigo 5. *Responsabilidade concorrente.***

1. Cando se produza unha actuación ou omisión conxunta dalgún ou dalgúns dos suxeitos establecidos no artigo 2 e desta derive un incumprimento do dereito da Unión Europea nos termos previstos no artigo 3, os suxeitos intervinientes nesa acción ou omisión responderán de xeito mancomunado e deberase cuantificar o grao de responsabilidade que corresponde a cada un deles expresándoo mediante porcentaxe.

Para a determinación da correspondente responsabilidade observaranse as sentenzas, os actos ou as decisións executivas das institucións europeas que declaren o incumprimento e ponderaranse en cada caso, entre outros, os criterios de competencia, intensidade da intervención, participación no financiamento asignado e a reiteración.

Naqueles casos en que non sexa posible a aplicación destes criterios, a distribución realizarase por partes iguais entre cada un dos suxeitos incumpridores.

2. Nos supostos de xestión de fondos procedentes da Unión Europea, cando se aplique unha corrección financeira a prezo global ou por extrapolación que afecte a totalidade ou parte dun programa operativo, a determinación da responsabilidade realizarase en función do financiamento asignado a cada un dos suxeitos establecidos no artigo 2, no programa operativo ou na parte del afectada, salvo o previsto para o Fondo Social Europeo na disposición adicional cuarta.

3. Nos casos dos fondos europeos agrícolas, a Administración xeral do Estado e os organismos pagadores que, de acordo coas súas respectivas competencias, realicen actuacións de xestión e control das axudas financiadas por estes fondos, instrumentadas ou non en programas operativos, asumirán as responsabilidades que deriven das súas actuacións de acordo co criterio de competencia, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta.

4. Naqueles supostos en que exista un convenio, un contrato ou un acordo específico que regule a actuación conxunta e fixe a distribución de responsabilidades ante un posible incumprimento do dereito da Unión Europea para cada un dos suxeitos intervinientes, este será tido en conta como criterio para a determinación das correspondentes responsabilidades.

**Artigo 6. *Recoñecemento da responsabilidade previo ao inicio do procedemento.***

Non procederá a adopción do acordo de iniciación polo órgano competente cando o suxeito que se considere responsable lle pague previamente ao Estado o importe derivado da mencionada sanción nos termos previstos no artigo 16.

Neste caso non se repercutirá o xuro compensatorio dos custos financeiros a que alude o artigo 9.1.

## CÁPITULO II

**Iniciación do procedemento e medidas de carácter provisional***Artigo 7. Órganos competentes.*

1. A Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas é o órgano encargado de iniciar e instruír o procedemento e corresponderalle ao Consello de Ministros, mediante acordo, a resolución do procedemento.

2. Nos casos de fondos procedentes da Unión Europea, a competencia para iniciar e instruír o procedemento corresponderalles aos órganos da Administración xeral do Estado e ás entidades dependentes ou vinculadas a ela que sexan competentes para a coordinación de cada un dos fondos ou instrumentos europeos ou, no seu defecto, para propor ou coordinar os pagamentos das axudas de cada fondo ou instrumento. A resolución do procedemento corresponderalle ao Consello de Ministros, mediante acordo.

*Artigo 8. Forma de iniciación.*

1. O procedemento iniciarase de oficio mediante acordo do órgano competente, de conformidade co artigo anterior, e deberáselles notificar aos interesados. Para adoptar o mencionado acordo, o órgano competente disporá do prazo de dous meses, contados desde que reciba a notificación da Secretaría de Estado para a Unión Europea ou doutro órgano competente de que a sentenza, acto ou decisión das institucións europeas polos que se impón unha sanción ao Reino de España son executivos. Esta notificación deberá ser remitida pola Secretaría de Estado para a Unión Europea ou o órgano competente no prazo de 10 días naturais desde que se teña constancia da sentenza, acto ou decisión.

Así mesmo, o acordo de inicio seralles comunicado aos órganos competentes en materia de facenda pública da posible Administración responsable e da posible Administración responsable subsidiaria.

2. Caberá a acumulación de procedementos nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 9. Contido do acordo de iniciación.*

1. O acordo de iniciación incluírá o contido dunha proposta de resolución que, cando menos, concretará os seguintes elementos:

a) Determinación do posible suxeito incumpridor e, se é o caso, da Administración pública responsable subsidiaria.

b) Determinación dos feitos sucintamente expostos que motivaron a incoación do procedemento, onde, entre outros aspectos, se indicará a sentenza, o acto ou a decisión firme das institucións europeas que deu lugar a unha sanción ao Reino de España.

c) Criterios de imputación e, se é o caso, de distribución da responsabilidade tidos en conta.

d) Importe total da débeda, que incluírá o das multas a prezo global e, se é o caso, o das multas coercitivas que xa se devindicasen. Igualmente se fará constar expresamente, cando así proceda, que o importe da responsabilidade será comprensivo das multas coercitivas que se puidesen devindicar con posterioridade e deriven do mesmo incumprimento e, de ser o caso, do xuro de demora que se poida xerar por non se producir o pagamento voluntario no prazo previsto no artigo 16.

Así mesmo, formará parte do importe total da débeda o xuro compensatorio dos custos financeiros que se xerasen, que será o xuro previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. O mencionado xuro compensatorio xerarase a partir da data en que o Estado fixese efectiva a cancelación da débeda, ata que se proceda ao pagamento voluntario ou venza o prazo de pagamento previsto no artigo 16.

e) Mecanismos para facer efectiva a débeda en caso de non se producir o pagamento voluntario.

f) Indicación da declaración de extinción da débeda unha vez que se fagan efectivos a repercusión e o pagamento.

2. O acordo de iniciación do procedemento informará sobre a posibilidade de pagamento voluntario anticipado da débeda en calquera momento do procedemento, sobre o dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento, así como sobre os prazos para o seu exercicio e as medidas de carácter provisional que acordase o órgano competente.

#### Artigo 10. *Medidas provisionais.*

O Consello de Ministros poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se puidese ditar.

Estas medidas respectarán as competencias que teñan atribuídas os posibles suxeitos responsables.

### CAPÍTULO III

#### Instrución do procedemento

#### Artigo 11. *Actuacións e alegacións.*

1. Os interesados disporán dun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de iniciación do procedemento, para formular alegacións, achegar cantos documentos ou informacións consideren convenientes e, se é o caso, propor proba e concretar os medios de que pretendan valerse. Na notificación da iniciación do procedemento indícaráselles aos interesados ese prazo.

2. O órgano instrutor, mediante resolución motivada, poderá rexeitar as probas propostas pola Administración ou entidade interesada cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias.

#### Artigo 12. *Informes.*

1. O órgano instrutor realizará de oficio cantos actos de instrución resulten necesarios para a determinación, o coñecemento e a comprobación de datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, e solicitará os informes que se xulguen necesarios para resolver. En todo caso, incorporárase ao expediente o informe da Avogacía do Estado no ministerio competente por razón da materia e, nos casos da imposición dunha multa a prezo global ou dunha multa coercitiva, de conformidade co disposto no artigo 260 do Tratado sobre o funcionamento da Unión Europea, tamén se incluírá o informe da Secretaría de Estado para a Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Nos supostos en que puidese existir un incumprimento atribuíble, en todo ou en parte, á Administración xeral do Estado ou ás súas entidades, solicitarase informe preceptivo ao departamento ministerial ou á entidade presuntamente responsable.

3. Os informes serán emitidos no prazo de dez días, salvo que o órgano instrutor, atendendo ás características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder un mes.

#### Artigo 13. *Audiencia e proposta de resolución.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de ditar a proposta de resolución que poña fin ao procedemento, manifestaráselles aos interesados que, nun

prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán realizar as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que poña fin ao procedemento, que se elevará ao Consello de Ministros.

En todo caso, a proposta de resolución que poña fin ao procedemento incluírá a contía actualizada do xuro compensatorio dos custos financeiros que se xerese ata a data.

#### CAPÍTULO IV

##### Finalización do procedemento

###### Artigo 14. *Terminación.*

1. A finalización do procedemento terá lugar no prazo de seis meses contados desde o acordo de iniciación, por acordo do Consello de Ministros, que terá en conta os feitos e fundamentos contidos nas sentenzas, actos ou decisións executivos das institucións europeas de que derive o incumprimento da normativa europea e recollerá os criterios de imputación tidos en conta para declarar a responsabilidade.

2. O acordo do Consello de Ministros que poña fin ao procedemento notificaráselles aos interesados e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

3. Efectuado o pagamento, producirase a extinción total ou parcial da débeda, segundo corresponda.

###### Artigo 15. *Recoñecemento da responsabilidade.*

1. En calquera momento anterior á proposta de resolución que poña fin ao procedemento, as administracións ou entidades interesadas poderán manifestar a súa conformidade e proceder ao pagamento voluntario anticipado da débeda, dando así lugar á terminación do procedemento.

Para estes efectos admitirase como medio de pagamento voluntario anticipado da débeda tanto o aboamento do seu importe ao Estado como a solicitude do suxeito responsable para que se proceda á súa compensación, dedución ou retención.

2. Nos casos en que se produza o pagamento voluntario anticipado da débeda, tras a notificación do acordo de iniciación, non se repercutirá o xuro compensatorio dos custos financeiros a que alude o artigo 9.1.

3. O acordo que, se é o caso, alcancen as partes notificaráselles a estas e terá por si mesmo a consideración de acto finalizador do procedemento, ben que requirirá que o Consello de Ministros manifieste a súa aprobación expresa mediante acordo e que este se publique no «Boletín Oficial del Estado».

###### Artigo 16. *Pagamento da débeda.*

1. Nos dous meses seguintes á recepción da notificación do acordo do Consello de Ministros que poña fin ao procedemento, as administracións e entidades declaradas responsables do incumprimento no acordo deberán efectuar o pagamento do importe total da débeda nos termos indicados.

Para estes efectos admitirase como medio de pagamento voluntario da débeda tanto o aboamento do seu importe ao Estado como a solicitude do suxeito responsable para que se proceda á súa compensación, dedución ou retención.

2. Nos supostos en que con posterioridade á data de aprobación do acordo do Consello de Ministros se devindiquen novas multas coercitivas que deriven do mesmo incumprimento, o órgano instrutor dirixirá comunicación ás administracións e entidades interesadas en que lles requirirá que efectúen o pagamento nos dous meses seguintes, facéndolles constar que, de non o realizar no prazo indicado, se fará uso dos mecanismos de exacción previstos neste real decreto.

Artigo 17. *Mecanismos de repercusión das responsabilidades.*

1. Naqueles supostos en que non se produza o pagamento voluntario da débeda nos termos e prazos sinalados no artigo anterior, o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas fará uso dos mecanismos de exacción sen necesidade de requirimento ulterior. Tales mecanismos implicarán a compensación, dedución ou retención da débeda coas cantidades que deba satisfacer o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto orzamentario e non orzamentario.

Esta repercusión incluírá os xuros de demora xerados desde os dous meses posteriores á data de notificación do acordo de Consello de Ministros e calculados de acordo co previsto no Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

2. O Estado poderá compensar, deducir ou reter dos importes satisfeitos en cumprimento dos réximes de financiamento que lles resulten aplicables ás comunidades autónomas, á comunidade foral, ás entidades locais, incluídas as deputacións forais, e ás cidades con Estatuto de autonomía as cantidades necesarias para facer efectivo o pagamento da débeda.

Para iso, o Estado efectuará a compensación, dedución ou retención con cargo aos importes satisfeitos directamente polo Estado ao declarado responsable e, subsidiariamente, con cargo aos importes nos cales outra Administración pública actúa como intermediaria sendo o destinatario final o declarado responsable. Neste último caso será preciso dar audiencia previa por un prazo de dez días á Administración pública que actúa como intermediaria.

3. Con carácter xeral, a compensación, dedución ou retención levarase a cabo, en primeiro lugar, con cargo aos recursos ou fluxos satisfeitos polo Estado en aplicación dos réximes de financiamento que lles resulten aplicables ás comunidades autónomas, á comunidade foral, ás entidades locais, incluídas as deputacións forais, e cidades con Estatuto de autonomía.

Con carácter subsidiario, a compensación, dedución ou retención levarase a cabo con cargo ás transferencias, subvencións e outras asignacións de carácter finalista consideradas na Lei de orzamentos xerais do Estado ou en mecanismos extraorzamentarios. Así mesmo, a compensación, dedución ou retención poderá efectuarse con cargo aos fondos e instrumentos financeiros da Unión Europea sempre e cando sexa posible de acordo coa normativa que regula cada un dos fondos europeos.

4. No caso de responsabilidade dunha entidade dependente ou vinculada a unha Administración pública, o Estado efectuará a compensación, dedución ou retención con cargo aos importes satisfeitos directamente polo Estado ao declarado responsable.

Subsidiariamente, poderá efectuarse a compensación, dedución ou retención con cargo:

a) Aos importes nos cales outra Administración pública actúa como intermediaria sendo a destinataria final a Administración ou entidade responsable.

b) Aos importes que o Estado lle satisfaga á Administración pública que for declarada responsable subsidiaria e da que a entidade responsable dependa ou estea vinculada.

Nos casos previstos nas alíneas a) e b) anteriores será preciso darlle audiencia previa por un prazo de dez días á Administración pública que actúa como intermediaria ou á declarada responsable subsidiaria.

A Administración autonómica ou local da cal depende ou á cal estea vinculada a entidade incumplidora será a competente para decidir a forma en que repercutirá, pola súa vez, na citada entidade a súa responsabilidade.

5. Cando de conformidade co artigo 16 non se produza o pagamento voluntario, nos supostos relativos á xestión de fondos procedentes da Unión Europea, a compensación, dedución ou retención realizarase, en primeiro lugar, con cargo aos libramentos que se realicen por conta dos citados fondos e instrumentos financeiros da Unión Europea, de acordo coa respectiva natureza de cada un deles e coa súa normativa reguladora.



En defecto do anterior, a exacción da débeda levarase a cabo coas cantidades que lle deba satisfacer o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto, orzamentario ou non orzamentario, nos termos establecidos nos puntos anteriores.

Artigo 18. *Prazo de prescripción.*

De acordo co previsto no artigo 15.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, unha vez transcorridos catro anos desde que o Estado satisfíxese a sanción imposta polas institucións europeas, entenderase que o dereito do Estado a determinar e repercutir as correspondentes responsabilidades por este incumprimento prescribiu.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable aos procedementos de déficit excesivo.*

No caso en que o Reino de España resulte incurso nun procedemento de déficit excesivo da Unión Europea, para o non disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, aplicárase o previsto neste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea atribuíble ás entidades do sector público estatal.*

1. Cando se determine, tras seguir o procedemento regulado neste real decreto, que a responsabilidade por incumprimento é imputable, en todo ou en parte, a unha entidade do sector público estatal, non será de aplicación o previsto no artigo 17 deste real decreto relativo aos mecanismos de repercusión das responsabilidades.

2. Neses casos, o Consello de Ministros acordará a extinción da débeda a través da dedución dos seus importes en futuros libramentos ou mediante a súa compensación con débedas da Administración xeral do Estado, sempre que sexan vencidas, líquidas e exixibles.

Así mesmo, o departamento ministerial interesado poderá solicitarlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que a citada dedución se ratee ata un máximo de dous exercicios orzamentarios.

Disposición adicional terceira. *Informe anual ao Consello de Ministros.*

O ministro de Facenda e Administracións Públicas elevará anualmente ao Consello de Ministros un informe, que será público, sobre as comunicacións recibidas de actos, sentenzas ou decisións das institucións europeas polos que se sancione o Reino de España por incumprimento do dereito da Unión Europea, os procedementos iniciados, os resoltos e o estado de execución das resolucións ditadas ao abeiro deste real decreto.

Para estes efectos, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación informará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre as comunicacións recibidas relativas aos actos, ás sentenzas ou decisións das institucións europeas polos que se sancione o Reino de España por incumprimento do dereito da Unión Europea.

Disposición adicional cuarta. *Especialidades para a determinación da responsabilidade por incumprimentos de obrigas derivadas do dereito da Unión Europea no ámbito do Fondo Social Europeo.*

Nos casos de responsabilidade concorrente previstos no artigo 5 que se refiran a incumprimentos no ámbito do Fondo Social Europeo cando, sendo organismo intermedio un ente da Administración xeral do Estado, a xestión das operacións obxecto de cofinanciamento lles corresponda ás comunidades autónomas, a responsabilidade financeira entre os distintos entes implicados atribuirase do seguinte xeito:

a) Será atribuíble a responsabilidade financeira ao organismo intermedio cando non informase adecuadamente as comunidades autónomas de criterios establecidos pola

Unión Europea na xestión do Fondo Social Europeo de que tivese coñecemento por calquera causa, ou ben cando a corrección se impuxese pola non realización de actuacións que o citado organismo intermedio debese realizar de acordo co sistema de xestión e control do respectivo programa operativo aprobado.

b) Será atribuíble a responsabilidade financeira á respectiva comunidade autónoma cando a corrección financeira derive de defectos na súa xestión das operacións que foron obxecto de cofinanciamento, cando se deba a deficiencias nos controis realizados polos organismos da comunidade autónoma con competencias para iso e cando a corrección se impoña pola falta de realización de actuacións que a citada comunidade autónoma debese realizar de acordo co sistema de xestión e control do respectivo programa operativo aprobado pola Unión Europea.

Disposición adicional quinta. *Especialidades para a determinación da responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea no ámbito dos fondos europeos agrícolas.*

Nos casos de responsabilidade concorrente previstos no artigo 5 que se refiran a incumprimentos no ámbito dos fondos europeos agrícolas aplicarase o criterio de competencia de acordo coas seguintes regras:

1. Os organismos pagadores, de acordo co previsto no artigo 2 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, asumirán o pagamento das correccións financeiras nos seguintes casos e materias:

a) Polas causas derivadas da xestión, resolución, pagamento, control e réxime sancionador de axudas nas cales teña atribuídas competencias.

b) Polas actuacións derivadas da xestión pola comunidade autónoma das axudas cuxas competencias de resolución e pagamento correspondan á Administración xeral do Estado e a corrección non resulte das actuacións da dita Administración.

c) Polas causas derivadas do incumprimento da obriga de informar no prazo e na forma prevista no artigo 5 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo.

2. Será atribuíble á Administración xeral do Estado a responsabilidade das correccións financeiras impostas pola Unión Europea nos seguintes casos e materias:

a) Aqueles supostos en que as actuacións do organismo pagador que deron lugar á corrección financeira sexan resultado directo da simple aplicación da normativa básica estatal.

b) O incumprimento polo Fondo Español de Garantía Agraria das obrigas establecidas no artigo 3.1. do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo.

c) O incumprimento da obriga de establecer as medidas de coordinación dos controis das axudas, no ámbito do Sistema Integrado de Xestión e Control, así como a demora en comunicarlles aos organismos pagadores as informacións ou instrucións comunitarias cando dea lugar a pagamentos indebidos ou fóra de prazo.

d) O incumprimento dos prazos previstos nos convenios de prefinanciamento para remisión dos fondos aos organismos pagadores cando se orixinen por este motivo pagamentos fóra de prazo.

e) O incumprimento inustificado das obrigas de cofinanciamento cando este orixine pagamentos fóra de prazo.

f) O incumprimento ou demora da obriga de ditar os actos ou as resolucións de carácter xurídico necesarios para a realización pola comunidade autónoma das actuacións de xestión de operacións de intervención e regulación dos mercados que lle fosen encomendadas.

g) O incumprimento da obriga de remitir á Unión Europea a información regulamentariamente establecida cando ese incumprimento non sexa imputable a unha comunidade autónoma.

Disposición adicional sexta. *Procedemento que se seguirá cando a sentenza, o acto ou a decisión europea sexa firme e dea lugar a un cambio de criterio.*

Cando a sentenza, o acto ou a decisión que as institucións europeas ditasen debeñan firmes e desan lugar a un cambio de criterio que afecte os feitos que causaron a determinación da responsabilidade, en todo ou en parte, respecto da que era executiva, o suxeito declarado responsable, de acordo co previsto neste real decreto, poderá instar a iniciación dun novo procedemento no prazo dun mes desde que o suxeito responsable reciba a notificación en que se lle comunique o carácter firme da sentenza, acto ou disposición.

Así mesmo, o citado procedemento poderá inicialo de oficio o órgano competente a que se refire o artigo 7.

Disposición adicional sétima. *Cooperación interadministrativa.*

Cando nos termos previstos no artigo 3 se lle impoña ao Reino de España unha sanción en que para o seu cumprimento sexan necesarias accións que competan a administracións públicas distintas da Administración xeral do Estado, corresponderalle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, coa asistencia, se é o caso, da Avogacía Xeral do Estado, coordinar a cooperación e as relacións coas administracións implicadas.

Disposición transitoria única. *Responsabilidades derivadas de sentenzas, actos ou decisións anteriores a este real decreto.*

1. O procedemento previsto neste real decreto resultará de aplicación á determinación e repercusión das responsabilidades derivadas de sentenzas, actos ou decisións ditados polas institucións europeas con anterioridade á entrada en vigor del, con independencia de que fose satisfeita a sanción ou non. Nestes supostos, os prazos previstos neste real decreto comezarán a computar a partir da súa entrada en vigor.

2. Porén, os procedementos de determinación e repercusión de responsabilidade en materia de fondos da Unión Europea iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

En particular, quedan derogados os artigos 12, 13, 14 e a disposición adicional segunda do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, e o punto 8.2 da Estratexia española de emprego 2012-2014, aprobada polo Real decreto 1542/2011, do 31 de outubro, no referente ás correccións financeiras derivadas da xestión polas comunidades autónomas de accións e medidas de políticas activas, e queda vixente no que exceda o ámbito obxectivo de aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbbase ao abeiro do disposto nos números 13, 14 e 18 do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e do sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación supletoria da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

No non previsto en materia de procedemento neste real decreto observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílitate o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO